

INSTITUTO
SOCIAL
DE
GALLEGA

**LAUDOS ARBITRAIS E
PROPOSTAS DE MEDIACIÓN ACEPTADAS**

EXPEDIENTE

14/02

LAUDO ARBITRAL

Benigno Sánchez García, con DNI ..., e domicilio a efectos de notificacións en r/..., de Santiago de Compostela, designado árbitro en virtude de acta de sometemento a arbitraje asinada, o día 05.07.02, polos suxeitos lexitimados para elo que máis adiante se dirá, do conflito suscitado na empresa “S.G.L.C., S.A.”, na súa fábrica da Coruña, todo iso ó amparo do Acordo Interprofesional Galego sobre solución extraxudicial de conflitos colectivos de traballo (AGA), e logo das actuacións practicadas, ás que tamén máis adiante se aludirá, ven de dictar LAUDO ARBITRAL, en base as seguintes consideracións

Antecedentes

1. O día 05.07.02, en acto presidido por dona Pilar Cancela Rodríguez, Secretaria do Consello Galego de Relacións Laborais, dona M.R.C.C., en representación da empresa “S.G.L.C., S.A.”, en tanto que responsable do seu departamento de Recursos Humanos para a fábrica de A Coruña, e don R.V.B., na súa condición de presidente do Comité de Empresa, asinaron acta de compromiso arbitral para resolver dese xeito as discrepancias entre as partes sobre o goce de cinco días adicionais de vacacións polos traballadores adscritos a Sección de Impregnación da Empresa. Expresamente requiridas as partes para que manifestasen ó arbitro o criterio (de dereito ou de equidade) ó que debería someter a súa decisión, ambos manifestaron que deixaban en mans de quen subscribe a utilización dun dos dous.

2. O mesmo día 05.07.02, ás 11 horas, o árbitro mantén reunións, conxuntamente e por separado, con cada unha das representacións. Asisten ás mesmas tres dos traballadores directamente afectados polo conflito, don A.donC.; don M.B.V. e don A.P.C.

3. O día 17.07.02 o árbitro resolve, ó amparo do disposto no artigo 24 do AGA, amplia-lo prazo para dictar laudo arbitral ata o máximo de vintecinco días hábiles a partir

da súa designación, por ser "... relevante obte-la testemuña do xefe das seccións de Impregnación e Cocción, sr. C.don", o que, ata ese momento, non tiña sido posible.

4. O día 31.07.02, ás 9,30 horas, o árbitro mantén xuntanzas na sede da empresa, ás que asisten a sra. C.C., o sr. C.don, o sr. V.B. e cinco dos traballadores afectados, sres. donR., donC., P.C., B.V. e R.V., ademais do sr. C.F. (vicepresidente do Comité de Empresa).

Feitos acreditados no procedemento arbitral

1. Desde 1983, os traballadores da Sección de Impregnación (naquel momento: don J.R.V.; don J.A.D.R. e don J.F.G., este último desvinculado da empresa desde 1987), que atendían esta sección en réxime de tres quendas, viñeron gozando, de xeito ininterrompido ata 2002, de cinco días adicionais de vacacións, a sumar anualmente ós 28 días laborables que corresponden a todo o persoal da empresa que traballa a tres quendas.

2. Posteriormente, fóronse incorporando a tal sección don C.R.V. (en 1988); don A.P.C. (en 1991); don A.D.C. (en 1993); don M.R.M. (en 1992); e don M.B.V. (en 1996). A sección segue a estar atendida en tres quendas, de oito horas de traballo teórico efectivo cada un deles, se ben, en cada quenda, hai dous traballadores. Todos estes traballadores, desde o momento da súa incorporación á sección, veñen gozando ininterrompidamente deses cinco días adicionais de vacacións.

Os feitos reflectidos nos puntos 1 e 2 anteriores resultaron acreditados pola testemuña coincidente e indubitada da representante da dirección da empresa, dos traballadores afectados ós que este árbitro puido entrevistar, relacionados nos antecedentes números 2 e 4 desde laudo, e do xefe das seccións de Crudos e Impregnación..

3.Segundo a testemuña dos sres. D.C., D.R. e R.V., don J.L.C.S. na súa condición de director técnico da fábrica de A Coruña, fíxolles o ofrecemento de que a súa incorporación á Sección de Impregnación levaría aparellada a concesión de cinco días adicionais de vacacións anuais, a cambio de que a media hora (considerada como de traballo efectivo) de que goza o resto do persoal da empresa, entre as 10 e as 10,30 horas, para "tomalo bocadillo" fose desfrutada de modo flexible no conxunto do horario da quenda, ante a necesidade de que a sección estivera controlada en todo momento, pola especial delicadeza das tarefas que na mesma se desenvolven. Este árbitro non puido confirmar esta afirmación co sr. C.S.. Nembargante, a sra. C.C. amosou a súa desconformidade con tal versión afirmando que os cinco días adicionais de vacacións foron a contraprestación da renuncia dos traballadores afectados a desfrutar da "media hora de bocadillo".

4.Os sres. B.V. e P.C. afirmaron que o desfrute de cinco días adicionais de vacacións foilles ofrecido polo xefe da sección, sr. C.D., a cambio da flexibilidade no desfrute da media hora ó longo do horario da quenda, versión coincidente coa do sr. C.D., quen, ademais manifestou que, o por el ofrecido, non era se non o que xa viñan desfrutando os traballadores que estaban adscritos á Sección de Impregnación con anterioridade.

5. Resulta acreditado igualmente, segundo versión coincidente de tódalas testemuñas recollidas, que, desde 1983 e ata o día de hoxe, os traballadores da Sección de Impregnación viñeron desfrutando do tempo necesario para "tomalo bocadillo", o que se viu favorecido desde que a Sección pasou a estar atendida por dous traballadores por quenda, o que posibilitou o relevo entre eles durante eses minutos, sen quedar en

momento algún desatendida as labores de vixilancia estricita que as tarefas de tal sección comportan.

6. A petición da dirección da empresa, e no marco dun amplo estudio de reorganización emprendido por esta, os traballadores da Sección de Impregnación fixeron en 1998 a análise correspondente a tal sección, elaborando un informe no que se incluían 7,30 horas de traballo efectivo, sen contemplar, polo tanto, a “media hora de bocadillo”. Recibido o estudio polo sr. C.S., este non fixo reparo nin observación algunha respecto do contido do mesmo, no que ó punto que interesa a este laudo ten que ver, nin ó sr. C.D., nin ós traballadores afectados.

7. Con data 07.01.02, en nota da dirección da empresa asinada polo seu conselleiro delegado e director xerente, don A.M.M., se comunica a todo o persoal da empresa que “El RD 665/1997 y RD 374/2001 ... prohíbe que los trabajadores coman, beban o fumen en las zonas de trabajo en la que exista riesgo. En aplicación de los citados decretos, a partir de la fecha, queda prohibido comer, beber o fumar en los talleres de Crudos e Impregnación... los responsables de las distintas secciones organizarán escalonadamente, si es necesario, el tiempo del bocadillo para todo el personal”.

Posteriormente, e como consecuencia do contido da nota reflectida, ó persoal da Sección de Impregnación foille comunicado que, desde este ano de 2002, deixarían de desfrutar dos cinco días adicionais de vacacións.

8. O xefe de Sección de Impregnación, sr. C.D., afirmou non ter recibido indicación ou instrución algunha en todo este tempo, e ata os primeiros días de 2002, de parte da dirección da empresa, sobre o modo en que se estaba a proceder, en canto á “media hora de bocadillo”, polos traballadores de tal sección.

9. Con anterioridade a 1983, na Sección de Cocción, tamén a cargo do sr. C.D., a dirección da empresa chegou a un acordo cos traballadores daquela para abonar una prima a cambio de non desfrutar da “media hora de bocadillo”, prima que, abonada en metálico, tería un equivalente, no día de hoxe, a 108 horas/ano, esto é, a 13,50 días de descanso, segundo cálculos da sra. C.C., feitos a solicitude desde árbitro.

Fundamentos do laudo

1. Unha vez acreditado, segundo se dixo nos puntos 1 e 2 dos Feitos Declarados Probados no Procedemento Arbitral que, de xeito ininterrompido, os traballadores da Sección de Impregnación veñen desfrutando de cinco días adicionais de vacacións anuais retribuídos, ademais do tempo necesario para “toma-lo bocadillo”, a única cuestión que podería quedar por dilucidar radica en saber si tal desfrute foi o produto dun acordo explícito, aínda que verbal, entre cada un dos traballadores e a dirección da empresa, que incluía a súa disposición a flexibilizar o desfrute concreto e día a día da “media hora de bocadillo”, versión que parece a mais verosímil, ou ben si tal desfrute foi a contrapartida dunha renuncia á “media hora de bocadillo”, o que parece menos verosímil, por canto esa renuncia nunca chegou a producirse na práctica nestes últimos 19 anos.

A maior abundamento, cabe dicir que, cando a dirección da empresa tivo intención real de elimina-lo tempo “de bocadillo”, o fixo (caso da Sección de Cocción) a cambio dunha prima que supón, se fose posible a súa tradución en días de descanso, prac-

ticamente o triple dos ofertados e aceptados polos traballadores da Sección de Impregnación (Feito Acreditado número 9).

2. En calquera caso, a incógnita a despexar resulta banal a efectos de determinar os concretos días de disfrute de vacacións que, en adiante, corresponde disfrutar ós traballadores hoxe adscritos á Sección de Impregnación, sobre todo nunha arbitraxe que, como esta, se decidirá conforme a criterios de equidade, pero non o sería tanto si do que se tratase fora de fixa-las condicións que, nesta concreta materia, rexerían para a Sección de Impregnación en canto a tal, fosen cales fosen os traballadores que desenvolvan a súa actividade nesta no futuro.

3. Ligado ó anterior está o feito, en absoluto intranscendente, de que o acordo (fose na realidade o que fose) non tivo como interlocutores á dirección da empresa e o seu Comité de Empresa, o que, ademais de permitir coñece-lo seu tenor literal (ante a mais certa probabilidade da súa forma escrita), seguramente permitiría formular un alcance colectivo, para a sección en canto tal, das condicións pactadas no mesmo.

En consideración a canto antecede, garantidos no presente procedemento os principios de audiencia, contradicción e igualdade, e en exercicio das atribucións conferidas polas partes na acta de compromiso arbitral subscrita, e do establecido nos artigos 25 a 26 do AGA, a parte dispositiva deste laudo, que se somete ó criterio de equidade, concrétase na seguinte

Resolución arbitral

ÚNICO.- Don J.R.V. ; don J.A.D.R.; don C.R.V.; don A.P.C.; don A.D.C.; don M.R.M.; e don M.B.V. manterán o dereito ó disfrute dos cinco días adicionais de vacacións anuais retribuídas, nas mesmas condicións en que os viñan disfrutando con anterioridade, e en tanto permanezan adscritos á Sección de Impregnación.

O que se ven de dicir non prexulga e deixa a salvo o que se estableza en virtude de pactos de carácter colectivo que, no futuro, podan alcanzar a dirección de “S.G.L.C., S.A.” e o seu Comité de Empresa.

O presente laudo poderá ser recorrido diante da xurisdicción social nos termos establecido no número 4º do artigo 24 do Acordo Interprofesional Galego sobre procedementos extraxudiciais de solución de conflitos colectivos de traballo.

O que se di en A Coruña, a 2 de agosto de 2002

O árbitro

Benigno Sánchez García

EXPEDIENTE

17/02

LAUDO ARBITRAL

Vista a acta de sometemento a arbitraje prevista no capítulo IV do Acordo Interprofesional Galego sobre Procedementos Extraxudiciais de Solución de Conflictos de Traballo (AGA), subscrita en Ferrol o 29 de outubro de 2002, dunha banda, por don L.F.R., en representación de “E.M.A.F.E., S.A.”; e doutra, por don J.P.A., dona M.I.O.G., don J.P.S. e don J.A.T.C., en representación do Comité de Folga, constituído trala convocatoria de folga efectuada o día 18 de outubro de 2002 polo Comité de Empresa, e sobre a base dos seguintes

Feitos

PRIMEIRO.- As partes do conflito, enriba citadas, acordaron de común acordo a miña designación como árbitro, con data de efectos 30 de outubro de 2002, para que dictase o laudo previsto no art. 26 do capítulo IV do AGA, sobre “Procedemento de arbitraje no caso de desacordo na determinación de servizos de mantemento”.

SEGUNDO.- O Consello Galego de Relacións Laborais comunicoume a devandita designación en 31 de outubro de 2002, manifestándolle ó devandito Consello a miña aceptación na propia data.

TERCEIRO.- Na tarde do propio día 31 de outubro de 2002 mantiven ata catro conversacións telefónicas coas partes do conflito, dúas delas con don L.F.R., e as dúas restantes con don J.P.A..

CUARTO.- Sobre a base do expediente de arbitraje a min remitido polo Consello, as conversacións telefónicas recen citadas permitíronme coñecer en directo as posicións e argumentos de ámbalas dúas partes. De común acordo entre elas, remitíuseme por don L.F.R. fotocopia de resolución do Ilmo. Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Ferrol, de

data 19 de xuño de 2002, na que textualmente se afirmaba o seguinte: “Como consecuencia da folga xeral do vindeiro día 20 do actual e ante a falta de acordo entre a empresa EMAFESA e a representación dos traballadores para o establecemento dos servizos mínimos, para prestación do servizo de “Abastecemento de auga potable e saneamento no termo municipal de Ferrol”.= O Concelleiro Delegado de Servizos, proponlle á Alcaldía-Presidencia en uso das facultades que ten conferidas, acorde decreta-los seguintes servizos mínimos.= *Estación Depuradora: 2 persoas en quenda de mañá, tarde e noite.= *Fontanería: 1 retén localizado con labores habituais de fin de semana e festivos.= *Presas: 1 vixiante con labores de vixilancia habituais de fin de semana e festivos”.

QUINTO.- Non concorre en min ningunha causa de abstención, para os efectos de resolución por laudo da presente arbitraje. E tendo en conta os seguintes

Fundamentos de dereito

PRIMEIRO.- A pesar de que a acta subscrita polo Comité de Empresa coa xerencia de EMAFESA o día 28 de outubro de 2002 afirme que o conflito entre ámbalas dúas partes se refire a fixación de “servizos mínimos”, resulta evidente que tal conflito trata, en realidade, da determinación de “servizos de mantemento”, que son os únicos eventualmente fixables por laudo ó abeiro do procedemento previsto no capítulo IV do AGA, ó que de común acordo se someteron ámbalas dúas partes.

SEGUNDO.- Sobre esta base, resulta igualmente evidente que o concepto de “servizos mínimos” é non so máis amplo, senón que engloba o moito máis estricto de “servizos de mantemento”, pois coa fixación dos primeiros preténdese asegurar, anque minimamente, “o funcionamento dos servizos” (art. 10, parágrafo segundo do Real Decreto-Lei 17/1977, declarado constitucional pola STC 11/1981, de 8 de abril), mentres que os segundos son so os servizos “necesarios” para garanti-la seguridade de persoas e cousas, facilita-la reanudación das tarefas na empresa, etc., nos termos previstos polo inciso primeiro do art. 6.7 do propio Real Decreto-Lei 17/1977.

TERCEIRO.- O que acaba de dicirse evidencia que a proposta da empresa, tal e como consta na citada acta de 28 de outubro de 2002 e relativa, literalmente, a “Etap: as 2 persoas da quenda. Explotación: retén. Oficina de atención ó público: tres persoas, unha en caixa, outra no teléfono e outra en atención ó público”, non resulte admisible en Dereito –en canto que proposta referida ós servizos de mantemento–, dado que esta exorbita claramente os servizos mínimos fixados polo Alcalde con ocasión da folga do 20 de xuño próximo pasado, da que antes se fixo mención.

CUARTO.- Á parte o carácter en todo caso máis reducido que deben te-los “servizos de mantemento” se comparados cos “servizos mínimos”, tampouco se pode pasar por alto o que a citada folga do 20 de xuño fose unha folga dun día de duración, mentres que a folga a que se refire o presente conflito resulta ser unha folga de so dúas horas de duración durante os días alternos a que se refire o correspondente aviso previo de folga; tema este da duración da folga, a ter moi en conta de conformidade co que dispón o art. 26.2 do AGA.

QUINTO.- Por isto mesmo, resulta axustada a Dereito, tendo en conta as circunstancias do caso concreto, o carácter de dereito fundamental que á folga lle asigna o art. 28.2 da Constitución e, ademais, o feito de que “Emafesa está obrigada a garantir en todo

momento as condicións de potabilidade da auga”, a proposta de servicios de mantemento efectuada pola parte social na antes citada acta de 28 de outubro de 2002, relativa literalmente a “Etap: as dúas persoas da quenda”.

Por todo o cal, e dentro do prazo marcado polo art. 26.1 do AGA, en congruencia con todo o que se acaba de dicir, emito o seguinte

Laudo

Que tendo en conta as circunstancias concorrentes na folga declarada polo Comité de Empresa de EMAFESA o día 18 de outubro próximo pasado, procede fixar como servicios de mantemento os seguintes: Estación de tratamento de augas potables: as dúas persoas da quenda.

Dado na Coruña, a 31 de outubro de 2002

O árbitro

Jesús Martínez Girón

EXPEDIENTE

22/02

LAUDO ARBITRAL

Carlos Doménech De Aspe, designado árbitro en acta de compromiso arbitral de data 20 de novembro de 2002 subscrita polas representacións da empresa “G.D.N., S.A.” e dos membros pertencentes á central sindical UXT do Comité de Empresa baseándose no establecido no Acordo Interprofesional Galego sobre Procedementos Extraxudiciais de Solución de Conflictos de Traxallo (AGA), visto o expediente e oídas as alegacións das partes, dicta o presente

Laudo

Obxecto da arbitrase

“Interpretación do punto cuarto do acordo celebrado no procedemento do AGA que culmina o 18 de xaneiro do presente ano”.

Antecedentes

Como consecuencia da acta de constitución da comisión de conciliación e mediación prevista no artigo 15 do AGA desenvólvese unha negociación chegándose a un acordo con data 18 de xaneiro de 2002, subscrito pola representación da empresa e a maioría dos membros da representación social (5 dos seus 7 membros), despois dunha votación secreta celebrada nos locais da empresa o día 11 de xaneiro de 2002.

O acordo contén o seguinte punto:

4. Categoría “Peón”.- *Os traballadores con categoría de “peón”, percibirán durante os nove primeiros meses do ano 2002 o 80% do salario base establecido no conve-*

nio para esa categoría, e o 90% durante os outros nove meses restantes, a partir de dita data percibirán o 100% do salario establecido en Artes Gráficas.

O disposto no parágrafo anterior resulta aplicable tanto para os peóns que se incorporen á empresa con posterioridade á sinatura deste acordo, como para aqueles que continúan ou continúen ostentándoa trala sinatura e, se é o caso, reclasificación profesional.

Non obstante, aqueles traballadores que á sinatura do convenio perciban unhas retribucións superiores ó disposto no presente acordo, terán un complemento estritamente “ad personam” que estará integrado pola diferenza entre a súa retribución inicial (a que tiñan antes da sinatura) e a establecida no presente. O devandito complemento terá a consideración de revalorizable (experimentará os incrementos que experimente o convenio de Artes Gráficas) e non absorbible. O carácter inabsorbible ten unha única excepción que se concreta na promoción a través da reclasificación profesional a que fai referencia o punto 3º, isto é, a que se levará a cabo durante os 18 meses. Concluída a devandita reclasificación non caberá absorber en ningún caso, o citado complemento “ad personam”.

A interpretación deste punto sométese á presente resolución arbitral no marco do AGA mediante compromiso de data 20 de novembro de 2002.

O árbitro convoca ás partes, comparecendo en data 20 de novembro de 2002, coa asistencia de representación da central sindical CIG, expoñendo ó árbitro os puntos e formulando as alegacións que estimaron convenientes.

A representación da empresa e a representación social asinante do acordo manifestan que a suposta dúbida suscitada, nunha posible deficiente redacción, sería o concepto salarial ó que deben aplicarse gradualmente as porcentaxes a que se refire o primeiro parágrafo do punto 4 do acordo, pero que, aínda que fai referencia ó salario base, a intención das partes asinantes, así como tódalas explicacións do acordo ós traballadores, consideraron que tales porcentaxes deben ser aplicados sobre a totalidade das percepcións salariais sendo esta a intención e finalidade coa que se chegou ó pacto. En apoio da súa postura aportan na comparecencia comunicados, tanto da propia UXT como da CIG, efectuados ós traballadores en explicación do acordo con cálculos de contía que aplican este criterio. Ámbalas dúas representacións referendan a interpretación de que as porcentaxes deben ser aplicadas sobre o salario real.

Pola súa parte, a representación da CIG manifesta que entende innecesario a arbitrase ó que se someten as partes asinantes cando ambas están de acordo na interpretación deste punto.

Consideracións e fundamentos xurídicos

A posible controversia sometida a laudo arbitral límitase á base sobre a que deben aplicarse as porcentaxes para determina-las percepcións dos traballadores coa categoría de “peón”. No pacto subscrito emprégase textualmente que *“percibirán durante os nove primeiros meses do ano 2002 o 80% do salario base establecido no convenio para esa categoría, e o 90% durante os outros nove meses restantes, a partir de dita data percibirán o 100% do salario establecido en Artes Gráficas”*, establecendo, en consecuencia, a denominación de salario base con indefinición, quizais con equívoca redacción, do que debería comprender tal concepto.

Independentemente da referencia que o artigo 26-3 do Estatuto dos Traballadores fai a que a estrutura do salario se determina mediante a negociación colectiva e os complementos salariais calcularanse de acordo cos criterios que se pacten, as propias partes asinantes do acordo, con lexitimidade suficiente para iso, son plenamente coincidentes na finalidade e interpretación coa que pactaron o seu punto 4º e, en consecuencia, como debe ser aplicado, polo que iso non debe ser cuestionado cando, por maior abastanza, tódolos afectados pola negociación foron conscientes desta interpretación como foi probado documentalmente na comparecencia. O criterio expresado ante o árbitro considera que as porcentaxes deben aplicarse sobre o salario global establecido en Artes Gráficas sen distinción dos conceptos salariais.

Non pode ser outra a interpretación do árbitro que o espírito e a finalidade dos que, coa lexitimidade para iso, subscribiron o acordo colectivo que ten a eficacia xurídica do Convenio Colectivo baseándose no artigo 91 do Estatuto dos Traballadores. Todo iso de acordo coas regras de interpretación que contén o artigo 3 do Código Civil: “As normas interpretaranse segundo o sentido propio das súas verbas, en relación co contexto, os antecedentes históricos e legislativos, e a realidade social do tempo en que deban ser aplicadas, atendendo fundamentalmente ó espírito e finalidade daquelas”.

Por tódalas consideracións apuntadas dicta a seguinte

Resolución

A interpretación do punto 4º do acordo suscrito con data 18 de Xaneiro de 2002 debe se-la aplicación das porcentaxes do 80% e 90% sobre o salario global, sen distinción de complementos salariais, establecido no convenio de Artes Gráficas para os traballadores coa categoría de peón.

O presente Laudo poderá ser impugnado ante a Xurisdicción Social de acordo co punto 5 do artigo 24 do Acordo Interprofesional Galego sobre Procedementos Extraxudiciais de Solución de Conflictos de Trabajo.

Dado na Coruña a 28 de novembro de 2002

O árbitro

Carlos Doménech de Aspe